

AUGAS DE GALICIA

Rúa Tomiño, 16, baixo,

15703 Santiago de Compostela

Nº de expediente: **DH.A36.88645**

D/Dña _____, con DÍ _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____, pola presente comparece ante esta administración e, como mellor proceda en Dereito,

DI

I. Que no Diario Oficial de Galicia Núm. 243, de data 26 de decembro de 2023, publicouse anuncio do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Centro, polo que se someten a información pública o procedemento ambiental e a solicitude de concesión para unha captación de augas nos concellos de Agolada, Santiso e Palas de Rei (expediente DH.A36.88645), DOG Núm. 243, de 26 de decembro de 2023.

II. Que, en tempo e forma, pola presente e en relación co aludido anuncio, procédense a evacuar as seguintes,

ALEGACIÓNS

1. Sobre o posíbel incumprimento da directiva 2011/92/UE e a Ley 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental por fraccionamento artificioso dos proxectos

Segundo o artigo 2.1 da Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente (DIRECTIVA 2011/92/UE), os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para que, antes de concederse a autorización, os proxectos que poidan ter efectos significativos no medio ambiente, en virtude, entre outras cousas, da súa natureza, dimensións ou localización, sométanse ao requisito de autorización do seu desenvolvemento e a unha avaliación con respecto aos seus efectos.

A tramitación do actual proxecto separado do de construción da fatoría proposta polo petionario pode incorrer nun caso de fraccionamento xa que pode non ter sentido avaliar o impacto dunha infraestrutura lineal, como é o caso da tubaxe proposta, separándoa do funcionamento da propia fábrica. Deste xeito non poden avaliarse conxuntamente todos os impactos, eludindo aqueles sinérxicos provocados polas dúas actuacións (tubaxe e fatoría) imbricadas. A propia lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental, define o fraccionamento como un *“mecanismo artificioso de división dun proxecto”*, e neste caso pretenderíase minimizar ou ocultar os efectos acumulativos e sinérxicos do proxecto no seu conxunto.

2. Sobre o impacto socioeconómico do proxecto na zona e sobre as 381 parcelas con afección

Afirmar do xeito tan contundente como se fai na documentación do proxecto de captación que este é beneficioso para a poboación da zona, resulta simplista e demagóxico. Grande parte da poboación dos

concellos onde se pretende ubicar a fábrica viven da gandería, agricultura ou dos servizos asociados ao Camiño de Santiago. Situar unha megafactoría nunha zona eminentemente rural causará efectos contrarios aos agardados pola peticionaria, e máis se se impón a servidume de acueducto sobre a gran maioría das 381 parcelas de minifundio afectadas, que de por si xa son pequenas, quedando moitas delas totalmente inutilizadas.

Un exemplo destas limitacións sería a reflexada no artigo Artigo 28 do Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas (RDPH):

O dono dun acueduto poderá, no seu caso, consolidar as súas marxes con céspedes, estacadas, paredes ou ribazos de pedra solta, pero non con plantacións de ningunha clase. O dono do predio servente tampouco poderá facer plantacións nin operación algunha de cultivo nas mesmas marxes, e as raíces que penetren nelas poderán ser cortadas polo dono do acueduto.

Polo tanto, existirá unha afección social grave, que non foi valorada dun xeito obxectivo, e sería boa idea que a administración esixira á peticionaria a realización dunha valoración seria e obxectiva ao amparo do artigo 110.5 do RDPH: “A Administración poderá solicitar, en calquera caso, e á vista da importancia das afeccións, a achega de estudos complementarios sobre a incidencia sanitaria, social e ambiental e as súas solucións, coa valoración de cada unha delas”.

3. Sobre os impactos do ecosistema fluvial

3.1. Falla da correcta avaliación do impacto hidrolóxico desta captación

A concesión solicitada pola peticionaria, que se detraerá do encoro de Portodemouros amósase na seguinte captura da documentación do proxecto:

7	CAUDAL SOLICITADO
7.1	Volumen máximo anual
El volumen máximo anual a captar del embalse de Portodemouros es 16,79 hm³ .	
7.2	Volumen máximo mensual
El volumen máximo mensual a derivar es 1,4 hm³ .	
7.3	Volumen máximo diario
El volumen máximo diario a captar será 46.000 m³ .	
7.4	Caudal máximo instantáneo
El caudal máximo instantáneo de agua solicitado es 640 l/s , ligeramente superior al que se indicó en la solicitud de la concesión, debido a que se ha decidido concentrar las horas de bombeo del embalse en los períodos de menor consumo eléctrico para mejorar la eficiencia del sistema, y teniendo en cuenta a su vez las limitaciones de las infraestructuras proyectadas, justificadas en el Anejo de cálculos hidráulicos.	

A hidroloxía é a "variable mestra" porque inflúe en gran medida noutros factores abióticos e bióticos do ecosistema ribeirogo. As compoñentes críticas do réxime hidrolóxico soen ser a magnitude, frecuencia, duración, tempo e taxa de cambio de fluxo. Cada un destes compoñentes debe ser considerado en conxunto, porque estas condicionan a biodiversidade e a integridade ecolóxica do ecosistema circundante. Pero ningún destes detalles se avalía no EIA.

Nun título referente ao “Impacto de la detracción de agua” no “Proyecto básico-captación de Altri – Greenfiber – Proxecto Gama. Proxecto ID 502000040-001, que inclúe memoria, 11 anexos e planos,

de maio de 2023, con revisións ata decembro de 2023” (“Proxecto” a partir de agora), coméntase o seguinte:

10.2 Impacto de la detección de agua

Ya se menciona en un epígrafe previo que la detección máxima prevista de GREENFIBER es de 46.000 m³/d (0,530 m³/s), pero considerando que se retornan 30.000 m³/d (0,350 m³/s) de efluente a la misma cuenca de aportación, aguas arriba de esta masa de agua, la merma en las aportaciones de la masa de agua resultaría de 16.000 m³/d (0,190 m³/s).

Los porcentajes que representan estas detecciones de GREENFIBER con respecto a las aportaciones medias de la masa de agua son de menos del 1% durante 9 meses al año, entre el 1% y 2% en los meses de junio y julio, y entorno al 2% en los meses de agosto y septiembre.

Se considera que una merma inferior al 2% no constituye un impacto ambiental significativo en la masa de agua del embalse y que además es compatible con el PHGC, tal y como se ha analizado en el ya mencionado apartado 5.

En todo caso GREENFIBER tiene como prioridad minimizar en la medida de lo posible su consumo de agua y aplicará las mejores técnicas disponibles para aprovechar al máximo el recurso hídrico en base a aprovechamiento pluvial y reutilización.


No anexo 3 do antedito documento descríbese como a peticionaria chegou a dita conclusión, mais os cálculos que fixeron non son correctos, por diversas causas:

- Non hai información sobre a magnitude, frecuencia ou estacionalidade do réxime de caudais do efluente, descoñécese o caudal que se consumirá nos diferentes procesos da fábrica, só se fala de aproximacións. Ademais, tamén dependerá das limitacións que se reflexarán nunha hipotética autorización ambiental integrada (AAI) segundo o establecido polas diferentes áreas do Organismo de Bacía. Por exemplo, é necesario que se posicione a Área de Calidade das Augas en canto ó caudal máximo que se pode devolver ó río e de qué xeito para que non haxa afeccións. Segundo o Artigo 54.1.de Autorizacións de vertedura do PHG-C “*Será preceptivo o informe da Área de Calidade das Augas de Augas de Galicia nas autorizacións de vertedura*”. Na mesma liña, o artigo 56.3 do PHG-C fala dunha regulación deste caudal “*Para evitar alivios de augas de proceso industrial, poderáselle impor ao titular dunha autorización de vertedura de natureza industrial a obriga da súa regulación, así como a de implantar as instalacións precisas para esta regulación, antes da depuración ou no tratamento primario*”.
- A peticionaria compara o volume da captación coas aportacións naturais acumuladas do SIMPA que chegan ó encoro de Portodemouros, pero faino dun xeito errado porque non ten en conta todos os usos acumulados da bacía no encoro de Portodemouros, tan só os usos do propio encoro. A superficie de bacía acumulada no encoro de Portodemouros segundo a ficha do anexo 20 é de 117.925,3 ha, e existen moitas deteccións (recóllense no Anexo III do PHG-C).
- Non se tiveron en conta os escenarios de cambio climático nunha concesión a 75 anos, e no anexo II do PHG-C afirmase que “*Conforme aos requisitos deben de se estimar os efectos do cambio climático para un escenario que se fixa no ano 2039. O resultado, en xeral, prognostica unha redución de recursos hídricos que irá acentuándose conforme avance o século XXI, polo que será máis acusada no último período de impacto (2070-2100). deste sistema de explotación 5, no mesmo anexo fálase dunha diminución no ano 2039 do -8,39%*”.


No PHG-C recóllese que a novidade para o vixente ciclo de planificación é a definición dunha reserva de recursos a cargo do Organismo de bacía para o horizonte 2027 de 20 hm³ /ano do río Ulla con destino ao abastecemento da poboación, se ben non se indica onde.

En canto ás cifras do que supón esta concesión sobre o sistema, e como non dispoñemos de información desagregada para esta zona no PHG-C dos usos e demandas (só está o total por sector de explotación), faremos a aproximación segundo series de caudais circulantes. Na seguinte figura amósase a serie histórica (05/01/1988 - 06/02/2024) dos volumes do encoro segundo o Boletín Hidrolóxico do MITECO, evidénciase que non sempre se mantén co mesmo volume, e moi poucas veces se chegou ó seu máximo (297 hm³). Analisando esta serie de datos, 297 hm³ corresponde co percentil 99,9%, o que indica que tan só o 0,1% dos datos igualou ou superou este volume.

Polo tanto, o volume máximo do encoro non é un valor representativo para contrastar o que representa o volume da solicitude. O promedio da serie de datos é de 182,3 hm³; 181,9 hm³ tomando a serie segundo o ano hidrolóxico (dende 01/10/1988 até o 30/09/2023), e xa que logo o caudal solicitado supón un 9,2% sobre o encoro, unha cifra moi alarmante e lonxe dese 1%-2% que presenta a peticionaria.



Por outra banda, hai que ter en conta que a concesión non se solicita no muro do encoro, senón que se solicita casw no cabo deste, tal e como se pode observar na imaxe de abaixo, e nunha zona na que soe ter moitos problemas de descenso de cota durante a estiaxe.



Obsérvase que na estación de aforos 1544, e segundo os datos do Anuario de Aforos, haberá problemas de abastecemento para eses caudais, xa que hai moitos momentos do ano en que o caudal baixa moito, debido á grande estacionalidade que presentan estes ríos.

Estas son algúns dos estatísticos que amosa o Anuario de Aforos, onde se reflicte que o caudal mínimo anual -promedio dos caudais mínimos da serie anual- (0,23 m³/s) é moito máis baixo que o caudal que solicitan (0,64 m³/s). Polo tanto, vai a haber momentos nos que non vai a haber recurso

hídrico suficiente para todos os usos do encoro que, cómpre salientar, son varios: hidroeléctrico, navegación (remo, vela, motor), abastecemento (existe unha captación futura para abastecemento denominada como ID 66), piscifactoría e outros usos medioambientais (captan augas os hidroavións de loita contra incendios forestais).

Nº de años con datos: 46
Año inicial de la serie: 1971
Caudal medio anual: 13,431 m ³ /s
Coefficiente de variación de la serie anual: 0,43
Caudal mínimo mensual: 0,23 m ³ /s

3.2. Incumprimento dos OMAS (Obxectivos Medio Ambientais) do Plan Hidrolóxico de Bacía

O artigo 92 bis do Texto Refundido da lei de Augas di o seguinte en canto as OMAS's e á degradación dos ríos:

Artigo 92 bis. Obxectivos ambientais.

1. Para conseguir unha adecuada protección das augas, deberanse alcanzar os seguintes obxectivos ambientais (para as augas superficiais)

a') Previr a deterioración do estado das masas de auga superficiais.

b') Protexer, mellorar e rexenerar todas as masas de auga superficial co obxecto de alcanzar un bo estado das mesmas.

As actuacións previstas afectan ao encoro de Portodemouros, ao río Ulla, á zona de policía e á súa cunca vertente. O encoro ten o código de masa de auga ES.014.MR.244.000.03.00, e ten asociado o punto de mostraxe 14.RW.05.120 pertencente ó programa de control de vixianza e operativo das masas de auga de tipoloxía lago. De seguido amósanse unha figura coa da ficha deste encoro que está nos anexos do PHG-C:

2. ANÁLISE DE PRESIÓNS, IMPACTOS E AVALIACIÓN DO RISCO	
PRESIÓNS SIGNIFICATIVAS	
PUNTUAIS	-
DIFUSAS	Uso agrícola (2.2); Usos Gandeiros (2.10)
EXTRACCIÓNS	-
HIDROMORFOLÓX.	-
OUTRAS	Outras. Vertedoiros (5.3)
PRESIÓNS POTENCIAIS	
Puntual. Verteduras Acumuladas (RREA)	
IMPACTOS	
Enriquecemento en materia orgánica; Enriquecemento en nutrientes	
RISCO	
RISCO ALTO	

Trátase dunha masa de auga que incumpre o potencial bó estado, e entre cuxos obxectivos medioambientais está precisamente a consecución deste no ano 2027.

Os criterios que determinan o bo estado das masas de auga superficial son os definidos no Real Decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e


avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, e tamén as indicadas no PHG-C, definindo os indicadores que se usan para a súa avaliación.

Ademais destes OMA's hai que ter en conta os requirimentos adicionais que se establecen no PHG-C polas Zonas Protexidas (ZZPP) que están no encoro, que según o Anexo VI do PHG-C son as seguintes:

- Existe unha futura captación denominada "CAPTACION ID 66".
- Áreas de especial interese paisaxística identificadas no Catálogo das paisaxes de Galicia, ao amparo do disposto no artigo 9.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia: AEIP_07_20 Sobreirais do Arnego
- ZEC ES1140015 Sobreirais do Arnego

Conforme ao criterio establecido no Real Decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa, o encoro de Portodemouros clasifícase como eutrófico, o que significa que ten un exceso anormal de nutrientes, exceso que se reflicte ano tras ano no crecemento de cianobacterias, en moitos casos tóxicas, como as *microcystis*, que leva á prohibición dos usos recreativos (baño, piragüismo...etc.). Coa fin de preservar o seu estado trófico, deberían de limitarse aquelas actividades que poidan supoñer un enriquecemento en nutrientes, polo que non se debería de aceptar outra presión máis que supoña precisamente iso, e menos un uso industrial, que modificará tanto a calidade das augas coma a totalidade dos elementos do réxime hídrico.

Na seguinte figura amósase o estado ecolóxico das masas de auga e os ZEC da bacía do río Ulla:



O sistema de explotación Nº5 (Ulla – Ría de Arousa) é un sistema de por si moi espoliado, tal e como recolle o Anexo III (Usos e Demandas) do PHG-C. Estas presións reflíctense non só no estado desta masa de auga, senón en outras máis do río Ulla. Hai catro masas de auga do eixo do Ulla en mal estado: os dous encoros augas abaixo da actuación que se pretende, Portodemouros e Brandariz e Touro; a masa de transición que chega á Ría de Arousa e a masa de auga superficial denominada como Río Ulla (con código ES.014.NR.244.000.05.02), que sostén a gran parte do ZEC Sistema fluvial Ulla – Deza con código ES014ZECES1140001 e do tipo "Humidais e Corredores Fluviais".

A realidade amosa xa que todos os usos e demandas da bacía do río Ulla repercuten directamente sobre a calidade das augas, e se non foi posible mellorar o estado das masas de auga até o de agora, o feito de detraer caudais poderá degradar moito máis a bacía.

Nun contexto de emerxencia climática, no que os eventos extremos cada vez son máis frecuentes considerando os recorrentes episodios de seca que mesmo provocaron as declaracións de prealerta por seca en toda a demarcación e por escaseza en varias bacías durante estes veráns; e tendo en conta que no plan de Secas da CHG-C propónse a mesma porcentaxe de diminución nas dotacións para abastecemento que para o uso industrial nos diferentes escenarios de seca; pódese afirmar que esta detracción do recurso hídrico no Encoro de Portodemouros pode comprometer non só a viabilidade ambiental do ecosistema senón tamén o abastecemento para consumo humano.

3.3. Falla de avaliación do proxecto no PHCG-C (ficha artigo 4.7 Directiva Marco da Auga)

Tanto as leis europeas e estatais de augas como o PHG-C, non permiten a degradación nin a afección das masas de auga nin ás súas zonas de protección. Un dos obxectivos clave da Directiva Marco da Auga (artigo 4, apartado 1) é o de evitar o deterioro do estado das masas de auga (“principio de non deterioro”). O artigo 4.7. trata sobre o feito de non acadar un bo potencial ecolóxico, ou de non evitar o deterioro do estado dunha masa de auga superficial debido a novas modificacións das súas características físicas, e de que os motivos das modificacións ou alteracións fiquen consignados e explicados especificamente no plano hidrolóxico de bacía.

As “*modificacións das características físicas dunha masa de auga*” enténdense como modificacións das súas características hidromorfolóxicas, é dicir, do seu réxime de caudais, do propio leito, ribeiras ou espazo fluvial. Polo tanto, estamos ante un dos casos de aplicación deste artigo, ao existiren alteracións hidromorfolóxicas de varios ríos, ao pasar a condución da auga (no río Furelos existirá unha gran modificación ao pasar a tubaxe por baixo do río) e dos caudais de auga no encoro.

En atención ao criterio de interpretación estrita e segundo a xurisprudencia, existe deterioro cando o estado de polo menos un dos indicadores de calidade descende á clase inferior, aínda cando ese descenso non dea lugar ao descenso a unha clase inferior da masa de auga superficial no seu conxunto. Con todo, se o indicador de calidade afectado está xa na clase máis baixa, calquera descenso do devandito indicador constitúe o “deterioro do estado” dunha masa de auga superficial. Ademais, o descenso na calidade dun indicador (aínda que non chegue a superar o límite de cambio de clase) pode sinalar un deterioro na masa de auga, especialmente se éste é sostido no tempo e significativo. Polo tanto é especialmente importante ter en conta o principio de precaución e o risco de non alcanzar o bo estado da masa, que será tanto maior canto máis no límite estean os valores atopados, dun contaminante, dos indicadores biolóxicos etc. tal e como acontece neste encoro.

Entendemos, pois que é necesario que se avalíe esta actuación dentro das fichas do PHG-C para o artigo 4.7 da DMA.

3.4. Falla de avaliación no PHG-C dos requirimentos hídricos ambientais

Augas de Galicia, no vixente plan hidrolóxico, non estudou os requirimentos hídricos necesarios para moitas das compoñentes do ecosistema fluvial.

Entre todas as compoñentes dos caudais ecolóxicos que non se estudaron nin se concretaron no PHG-C atópanse os seguintes:

- Caudais máximos e xeradores augas abaixo do encoro de Portodemouros.
- Caudais ecolóxicos das masas de auga de transición.
- Requirimentos hídricos en zonas protexidas da Rede Natura 2000 e da Lista de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de RAMSAR.

Esta afirmación baséase na seguinte normativa:

- No Artigo 18 de Caudais ecolóxicos do Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrolóxica:

1. O plan hidrolóxico determinará o réxime de caudais ecolóxicos nos ríos e augas de transición definidos na demarcación, incluíndo tamén as necesidades de auga dos lagos e das zonas húmidas, atendendo ao disposto nos artigos 49 ter e seguintes do RDPH.

2. Este réxime de caudais ecolóxicos establecerase de modo que permita manter de forma sostible a funcionalidade e estrutura dos ecosistemas acuáticos e dos ecosistemas terrestres asociados, contribuíndo a alcanzar o bo estado ou potencial ecolóxico en ríos ou augas de transición. Para o seu establecemento os organismos de conca realizarán estudos específicos en cada tramo de río.

- Na IPH, documento referencia do proceso de planificación hidrolóxica, na que se concreta as pautas e a metodoloxía a seguir durante o procedemento de cálculo do caudal ecolóxico, detallando claramente as compoñentes do réxime de caudais ecolóxicos que hai que definir:

En ríos:

a) Caudais mínimos que deben ser superados, con obxecto de manter a diversidade espacial do hábitat e a súa conectividade, de forma que se favoreza o mantemento das comunidades autóctonas,

b) Caudais máximos que non deben ser superados na xestión ordinaria das infraestruturas,

c) Distribución temporal dos anteriores caudais mínimos e máximos, co obxectivo de establecer unha variabilidade temporal do réxime, compatible cos requirimentos dos diferentes estadios vitais de fauna e flora,

d) Caudais de crecida, con obxecto de controlar a presenza e abundancia das diferentes especies, manter as condicións físico-químicas da auga e do sedimento, mellorar as condicións e dispoñibilidade do hábitat a través da dinámica xeomorfolóxica,

e) Tasa de cambio, con obxecto de evitar os efectos negativos dunha variación brusca dos caudais, e que contribúa a manter unhas condicións favorables á rexeneración de especies vexetais acuáticas e ribeiregas.

E nas augas de transición:

O réxime de caudais ecolóxicos definirá, desde o punto de vista temporal, polo menos, as seguintes características:

a) Caudais mínimos e a súa distribución temporal, co obxectivo de manter unhas condicións do hábitat compatibles cos requirimentos das especies de fauna e flora autóctonas máis representativas e controlar a penetración da cuña salina augas arriba.

b) Caudais altos e crecidas que favorezan a dinámica sedimentaria, a distribución de nutrientes nas augas de transición e os ecosistemas mariños próximos, así como o control da intrusión mariña nos aquíferos adxacentes.

- No PHG-C Bacía de Galicia-Costa vixente, establécese a necesidade de aportar auga ás especies protexidas e a conservación de zonas húmidas no Artigo 8, onde definen usos ambientais como *“aqueles usos da auga que son esenciais para a preservación do medio ambiente, así como os derivados da lexislación de incendios forestais, protección civil, especies protexidas ou conservación de zonas húmidas”*. Aínda que este é un punto de discrepancia ao estar definido en moitos ámbitos como caudais ecolóxicos e non como un uso, deberían de ser consideradas estas demandas para as especies protexidas ou conservación de zonas húmidas como unha restricción que se impón con carácter xeral ós sistemas de explotación, como caudais ecolóxicos que deberían de ser.
- A Directiva Marco da auga (DMA, 2000/60/CE) e a Directiva Hábitats (92/43/CEE) establecen obxectivos vinculantes en materia de protección e conservación dos ecosistemas que dependen da auga. A Directiva Marco da Auga expón claramente que os plans de bacía deben garantir que os espazos protexidos da rede Natura 2000 dependentes da auga se atopen en bo estado de conservación. Estes obxectivos só se poden alcanzar ó garantir un réxime de caudais preciso e adecuado a tódalas especies existentes que garden relación coas augas. Ademais, na lexislación española queda reflectido en varias normas que poñen de manifesto a necesidade do desenvolvemento de estudos concretos e cuantitativos sobre as necesidades hidrolóxicas da fauna ictiolóxica e da vexetación de ribeira, coma é no caso da Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, pola que se aproba a instrución de planificación hidrolóxica (IPH), que recolle estes vínculos entre os ecosistemas dependentes das masas de auga e o réxime de caudais ecolóxicos nas devanditas masas de auga: a IPH afirma que na medida en que as zonas protexidas da Rede Natura 2000 e da Lista de Humidais de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar poidan verse afectadas de forma apreciable polos réximes de caudais ecolóxicos, estes serán os apropiados para manter ou restablecer un estado de conservación favorable dos hábitat ou especies, respondendo as súas esixencias ecolóxicas e mantendo a longo prazo as funcións ecolóxicas das que dependen.

Propoñer uns caudais adecuados para estas compoñentes é un obxectivo máis da planificación e xestión da auga. Pero non foron incluídos nin no Segundo Ciclo de Planificación Hidrolóxica, nin neste Terceiro Ciclo.

Tal e como se explicou no apartado anterior, e reiteramos neste, moitas masas de auga do Ulla están en mal estado, e esta detracción do recurso no Encoro de Portodemouros pode comprometer a viabilidade ambiental do ecosistema. Ademais, o encoro de Portodemouros está en estado “moderado”, e pode empeorar debido a esta industria a “deficiente” ou “malo” o que afectará directamente aos ecosistemas dependentes da auga incluíndo a aqueles que sosteñen a economía da bacía do Ulla, como pode ser os recursos mariños que se explotan na ría de Arousa.

Polo tanto, sen coñecer as restricción aos usos existentes na bacía do Ulla, non se poden admitir máis solicitudes de concesións para usos consuntivos a 75 anos sen poñer en perigo o estado de conservación destes e repercutir directamente na afección a espazos da Rede Natura próximos á área como son “Sistema Fluvial Ulla -Deza” e “Sobreirais do Arnego” cos que conecta ecolóxicamente a través da rede fluvial. É fundamental estudar previamente e asegurar os requirimentos hídricos do ecosistema, entre os que hai zonas protexidas, xa que son necesarios

para garantir a biodiversidade en xeral e o bo estado de conservación destas zonas protexidas. En resumo: manteñen os ecosistemas e as paisaxes que aseguran a longo prazo a dispoñibilidade de auga en calidade e cantidade, e polo tanto, ofrecen protección fronte a inundacións e secas, e son fundamentais para os recursos pesqueiros. Sen unha dotación hídrica suficiente para o medio ambiente, o futuro dos nosos humidais, do conxunto dos ecosistemas acuáticos, é incerto, polo tanto tamén a nosa supervivencia, xa que dependemos totalmente do recurso e dos servizos ecosistémicos que nos brindan.

4. Sobre outras deficiencias na avaliación de impacto ambiental sobre o medio hídrico da captación

O Artigo 3 da Directiva 2011/92/UE avaliación do impacto ambiental di que se identificará, describirá e avaliará de forma apropiada, en función de cada caso particular e de conformidade cos artigos 4 a 12, os efectos directos e indirectos dun proxecto nos seguintes factores:

- a) o ser humano, a fauna e a flora;
- b) o chan, a auga, o aire, o clima e a paisaxe;
- c) os bens materiais e o patrimonio cultural;
- d) a interacción entre os factores contemplados nas letras a), b) e c).

No EIA non hai unha avaliación completa e xustificada de cada un destes puntos. Ademais, debería de incorporar a análise doutros potenciais impactos/afeccións sobre o medio hídrico, tanto da obra de conducción e de captación como poderían ser:

- A resuspensión de sólidos durante a construción da obra de toma e explotación posterior da instalación, coa liberación de nutrientes ou outras substancias á auga e aumento da turbidez. Estas afeccións poden provocar variacións no estado trófico do encoro e modificar a delimitación espacial das zonas fótica e afótica.
- No estudo de impacto ambiental deberían de describirse con detalle as medidas preventivas para evitar a contaminación das augas, así como as correctivas en caso de producirse un deterioro da calidade do medio hídrico.

Ademais, debería avaliarse dun xeito correcto se a modificación do réxime hidrolóxico que vai provocar a detracción é compatible cós obxectivos medioambientais previstos para esta masa de auga e das zonas protexidas existentes.

5. O EIA non avalía correctamente as afeccións sobre a Rede Natura 2000 e as especies en perigo de extinción

O proxecto de captación omite que as tubaxes van seccionar a ZEC ES1110014 Serra do Careón por una zona considerada dentro da Zona 1 “Área de Protección” prevista no Plan Director da Rede Natura 2000 de 2012. Este Plan sinala o seguinte: *“Considérase uso prohibido aquel contrario aos obxectivos de conservación da Rede Natura 2000 e que, por conseguinte, leva consigo unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural ou sobre o estado de conservación dos compoñentes clave para a biodiversidade (hábitats e especies protexidas)”*.

O recoñecemento por parte da empresa de que as repercusións potenciais sobre o ZEC ES1110014 Serra do Careón *“pueden ser calificadas como moderadas”* dá a ver que dentro dunha “Área de

Protección” (Zona 1) da Rede Natura 2000 pode haber impactos moderados, polo que dificilmente estes poden ser compatibles.

Isto débese a que as denominadas serpentinas de Melide constitúen un dos espazos de maior interese botánico da Península Ibérica. Presentan unha diversidade de hábitats singulares que se estenden desde os cumes fríos e húmidos da Serra do Careón até as ribeiras do Ulla, onde penetra a influencia cálida do mar, e constitúen un afloramento de rochas ultrabásicas, moi raras na superficie terrestre, que orixinan solos con altos valores naturais de metais pesados e baixa fertilidade. Este xogo de condicionantes ambientais tan particulares levaron a que a zona teña funcionado como un laboratorio evolutivo, dando lugar a unha explosión de biodiversidade única.

O isolamento derivado do substrato ultrabásico, nun contexto dominante de rochas ácidas no noroeste ibérico, deu lugar a procesos de especiación en plantas que acadan o seu maior exponente nas especies endémicas estritas descritas até a data. Destacan *Armeria merinoi* Nieto Feliner & Silva Pando (1987), *Leucanthemum gallaecicum* R.Oubiña & S.Ortiz (1990), *Santolina melidensis* R.Oubiña & S.Ortiz (1998), exclusivas da zona, ou *Centaurea gallaecica* (M.Laínz) Arnelas & Devesa (2012), esta tamén presente nalgúns outros pequenos afloramentos ultrabásicos, satélites do principal de Melide. Unha quinta especie endémica de Galicia, *Sagina merinoi* Pau in Merino, encóntrase tamén nas serpentinas da Serra da Capelada e rochas ultrabásicas do oeste da Coruña.

Outras, como *Koeleria rodriguez-graciae* Quintanar & Castroviejo & (2013) ou *Seseli peixotoanum* Samp., están principalmente restrinxidas a estas serpentinas e ao afloramento portugués de Tras-os-Montes, xunto con algunhas zonas próximas do noroeste ibérico. *Asplenium adiantum nigrum* var. *corunnense* Christ. tamén sería un fento exclusivo do conxunto dos afloramentos serpentínicos ibéricos.

Para alén destas especies, moitas outras manteñen nas serpentinas de Melide poboacións isoladas con respecto ao resto da súa área de distribución, especies con afinidades mediterráneas únicas nun entorno atlántico como o centro de Galiza, por tanto con grande interese bioxeográfico e evolutivo. Estas están principalmente concentradas nas zonas máis termófilas próximas ao río Ulla; por citar unhas poucas, *Armeria langei* Boiss., *Biscutella valentina* (Loefl. ex L.) Heywood, *Galatella aragonensis* Nees, *Hemionitis marantae* (L.) Christenh., *Noccaea caerulea* (J.Presl & C.Presl) F.K.Mey., *Odontarrhena serpyllifolia* (Desf.) Jord. & Fourr. ou *Sedum amplexicaule* DC., sen descartar que algunhas delas poidan constituir taxóns diferenciados, en canto haxa oportunidade de estudalas en detalle.

A alarmante transformación de afloramentos serpentínicos en prados, cultivos forestais de eucaliptos ou zonas urbanizadas, vén provocando a desaparición de poboacións e núcleos de poboación destas especies, con especial relevancia nos endemismos estritos, avaliados “En perigo crítico” (*A. merinoi*, *S. melidensis*), “En perigo” (*L. gallaecicum*) e “Vulnerábel” (*C. gallaecica*) na Lista Roja de la Flora Vasculare de España (Moreno, 2011; ver tamén Bañares et al., 2003). Debido a estes taxóns e á existencia dunha poboación de *Eryngium viviparum* (“En perigo”), as serpentinas de Melide (baixo o nome Serra do Farelo) foron identificadas como “Área Moi Importante” para a flora ameazada de España (Bañares et al., 2003), e iso tendo en conta que nese traballo non foran contabilizadas *Centaurea gallaecica* ou outras.

En anos recentes téñense atopado no mesmo espazo poboacións doutras dúas especies consideradas “En perigo crítico”: *Xiphion boissieri* (Henriq.) Rodion., endemismo galaico-portugués, *Genista ancistrocarpa* Spach, polo que as serpentinas de Melide acadarían 70 puntos e calificarían como “Área Excepcional”, situada entre os cinco espazos peninsulares máis relevantes ao respecto. Finalmente, os hábitats serpentínicos ocupados e conformados por estas e moitas outras especies, en interacción co seu medio edáfico, resultan tan singulares que puideron ser caracterizados con precisión mediante índices ecolóxicos de teledetección, destacando o seu valor respecto aos do resto do territorio, a pesar de padecer un proceso de fragmentación en curso que debería ser revertido (Ponce-Fontenla et al., 2021).

O Catálogo de especies ameazadas de Galicia (Decreto 88/2007, de 19 de abril) contempla a *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis* na categoría “En perigo de extinción”, a mesma que *Eryngium viviparum*, *Genista ancistrocarpa* e *Xiphion boissieri*, mentres que *Centaurea gallaecica* consta incluída como “Vulnerábel”. Tamén esta categoría esta *Selinum broteri* Hoffmanns. & Link, outra especie protexida recentemente detectada na área. Desde que entrou en vigor, a Xunta de Galicia ten contratado a realización de senllas memorias técnicas para sustentar Plans de Recuperación dos tres endemismos estritos en perigo de extinción, un en 2008/2009 e outro en 2019, sen que finalmente se teña aprobado ningún documento legal ao respecto. Mentres tanto, o proceso de degradación do hábitat ten continuado, coa desaparición constatada de varias poboacións tras a roturación e transformación en prados e cultivos de eucalipto deses lugares.

O proxecto de captación de augas do río Ulla para a factoría de Altri sepultaría numerosos afloramentos serpentíníticos con varias poboacións rexistradas das catro especies endémicas estritas. Todo isto, na inmediata proximidade das zonas onde se coñecen as maiores poboacións de ditas especies, zonas ameazadas a súa vez por potenciais cambios hidrolóxicos derivados da urbanización prevista e o déficit conseguinte de recarga dos acuíferos. Sen esquecer a problemática derivada da masiva e descontrolada eucaliptización das comarcas centrais de Galicia, que se vería potenciada pola citada instalación industrial, e que provocará a súa vez máis perda de hábitat desta flora ameazada. Compre citar taamén que o espazo delimitado como parcela industrial acolle tamén fauna catalogada como ameazada, nomeadamente moluscos terrestres, insectos, anfibios e aves de espazos abertos, grupos en recoñecido declive.

A peticionaria en absoluto considerou correctamente nin a presenza da maioría dos taxóns antes referidos nin a gravidade dos impactos potenciais sobre a súa conservación. Como exemplo citamos o caso dos tres endemismos serpentíníticos, *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis*, os tres considerados “En Perigo de Extinción”. Na páx. 29 do EIA, recóllese que “*En caso de ser necesario la eliminación de alguna zona para la construcción, se deberá valorar, en función de la superficie y la densidad, la posibilidad de trasplantar mediante el traslado con tepes de estas zonas a otras parcelas de la zona de estudio que también tengan suelos ultra básicos y se puedan dar unas condiciones mínimas de viabilidad*”.

Santolina melidensis, *Armeria merinoi* e *Leucanthemum gallaecicum* están “En Perigo de Extinción” en Galiza (Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas). E este Decreto especifica, no seu Título IV, Artigo 10º: “*A inclusión dunha especie ou subespecie no Catálogo galego de especies ameazadas implica, salvo autorización expresa da consellería competente, as seguintes prohibicións: a) Tratándose de especies vexetais, (...) en xeral, a destrución do seu hábitat*”. Ao estar “En Perigo de Extinción”, estas tres especies precisan da redacción dun “Plan de Recuperación” para cada unha ou para o conxunto delas. Sen esta ferramenta aprobada, deberase aplicar un criterio de prudencia á hora de acometer calquera acción, impedindo a destrución do seu hábitat e calquera traslocación de individuos. ALTRI obvia que calquera acción relacionada con especies consideradas “En Perigo de Extinción” en Galiza deberá ser autorizada pola Xunta e contar idealmente co informe favorábel do Observatorio Galego da Biodiversidade e o aval de científicos/as independentes.

6. Sobre a degradación dunha zona de grande importancia edafolóxica a nivel mundial

Como xa se comentou a zona elixida para ubicar a factoría é un dos hábitats máis interesantes e raros de Galicia xa que se empraza directamente sobre afloramentos de rochas serpentíníticas.

Trátase de rochas pouco frecuentes que se orixinan por alteración de rochas ultramáficas (ricas en minerais moi ricos en Fe e Mg). Esta especial orixe das serpentinitas e unha das causas da súa escasa presenza a nivel mundial. Así, do total da superficie terrestre, as áreas serpentinizadas ocupan menos do 1%, mentres que en Galicia representan unicamente un 0,2% da superficie total (SITGA, 2001- Mapa litolóxico Galicia).

Debido á intensa presión selectiva xerada por esas condicións edáficas tan particulares, os solos serpentiniticos favorecen a especiación e a evolución de endemismos, contribuíndo a crear biotas únicas a nivel mundial, tal e como sinalan numerosos estudos científicos.

Estes hábitats extremos, acapararon dende fai décadas a atención científica por ser importantes laboratorios de biodiversidade na natureza, exercendo grandes presións nas especies que as levan á selección evolutiva. Así, as plantas serpentínófilas están en equilibrio adaptativo a estas difíciles condicións edáficas, as cales se engloban no termo “síndrome serpentinitico”. En xeral, estas especies mostran, tamén, un alto nivel de tolerancia á seca e de adaptacións a perturbacións meteorolóxicas extremas. Esta selección non é so sobre a vexetación, senón que outros organismos, como os fungos, líquenes e bacterias, tamén sofren a presión da selección, o que xustifica a alta riqueza xenética existente nestas áreas, as cales chegan a denominarse illas xeolóxicas/edáficas debido a este illamento litolóxico.

Toda esta biota que vive nos solos serpentiniticos contribuíu en gran medida ao desenvolvemento da teoría ecolóxica e evolutiva, así como ao estudo da xenética da adaptación e da especiación. Por exemplo, as plantas que medran nestes solos proporcionan material xenético para as operacións de fitorremediación utilizadas na restauración de medios moi degradados (Vithanage, et al., 2019. Environment International, 131). Trátase pois de áreas de enorme importancia científica, cultural, económica, social e, evidentemente, medioambiental a conservar.

O solo alberga máis do 25% da biodiversidade da Terra e é a maior reserva de carbono do planeta. En relación co ciclo hidrolóxico, absorbe, almacena e filtra auga, nutrientes e contaminantes, protexendo así as masas de auga subterránea; unha alta capacidade de retención de auga nos solos reduce os efectos das inundacións e o impacto negativo das secas. Espérase que esta fráxil capa alimente e filtre auga potable para unha poboación mundial de case 10.000 millóns de persoas para 2050. Non obstante, leva miles de anos producir só uns poucos centímetros de material edáfico”.

As consideracións anteriores están recollidas na Estratexia da UE para a protección do solo para 2030 (UE, 2021), que indica que os Estados membros deben mellorar a xestión do uso do solo para permitir a súa conservación xa que é vital para a nosa supervivencia. Nesta Estratexia, a UE tamén fai un cálculo dos beneficios económicos de deter e invertir as tendencias actuais da degradación dos solos, que poderían chegar ata 1,2 billones EUR ao ano.

As primeiras directivas en materia de protección do solo datan de 2002 e baseáronse nos seguintes principios:

- Poñer fin ao tratamento do solo con substancias perigosas para o medio ambiente e a saúde,
- Reverter a tendencia alarmante de erosión, compactación e selado do solo,
- Protexer o solo polo papel que desempeña no almacenamento de CO₂, garantindo os recursos hídricos e preservando a biodiversidade,
- Conservar o solo con vistas á protección sostible dos produtos alimenticios e das materias primas renovables.

As posteriores Directivas Europeas relativas á protección do solo, de 2004 e 2006, e a actual proposta de vixilancia e resiliencia do solo (Lei de Vixilancia do Solo, Comisión Europea, 2023) insisten nas funcións vitais deste corpo natural, e na súa protección, mais, si cabe, nun contexto de cambio climático. Todas estas directivas reforzan a súa importancia, non so como produtor de alimentos, tamén no control do ciclo hidrolóxico, na produción de auga potable, no almacenamento de carbono e na súa contribución á biodiversidade

A implantación desta fábrica e as súas infraestruturas asociadas ignora totalmente estas directivas, incumprindo tamén moitas outras directrices ambientais, incluso a propia Lei de Protección da Paisaxe de Galicia, ou, entre outras, a Axenda 2030. Así, esta industria causará un impacto directo sobre o medio edáfico provocado pola construción das instalacións que precisa esta gran factoría, incluíndo a apertura de vías de comunicación, condutos de captación de auga, etc. Todo iso precisa de movementos de terra e ocupacións como desmontes, terrapléns, vertedoiros, zonas auxiliares... etc., provocando, obviamente, a destrución total dos solos sobre os que se pretenden asentarse, principalmente por selado e erosión. Un dos principais e irreversibles impactos é a destrución do solo por selado (cementación) debido a construción das diferentes infraestruturas. Cando selamos o solo para construír enriba, estamos perdendo de forma irreversible tódolos seus principais servizos ecosistémicos, expoñendo a zona a inundacións máis graves e a efectos de illa térmica máis intensos.


Nunha das directivas comunitarias anteriores indícase que tanto a urbanización excesiva como a construción de infraestruturas están a favorecer o consumo de solo natural, xerando espazos compactos que reducen a relación do cidadán co medio natural, fragmentando o territorio, modificando canles de auga e aumentando os riscos de inundacións e insistindo na insustentabilidade deste proceso. Estes impactos poden provocar cambios nos fluxos subterráneos de auga e da súa calidade, menor contido de auga subterránea ao diminuír a infiltración, aumentando a escorrentía superficial e a erosión.

Outro punto importante asociado a este proxecto de ALTRI é a utilización do eucalipto como materia prima da fábrica, xa que terá unhas connotacións ambientais e territoriais moi amplas xa que intensificará as plantacións desta especie exótica en Galicia. Dentro dos impactos importantes da alta proliferación de eucaliptos están os efectos sobre a dispoñibilidade de auga nos solos. Moitas recompilacións dos efectos medioambientais das especies de rápido crecemento sinalan a diminución da auga dispoñible tanto no solo coma na capa freática debido ás súas longas e amplas raíces, as cales permiten o seu rápido crecemento. Isto é máis acusado en primavera o que pode aumentar a seca edáfica da estación estival, afectando os caudais fluviais e ao rexime de incendios. Moitos destes traballos resaltan a importancia da proporción de bosque nativo na paisaxe para o mantemento axeitado dos réximes hídricos, recomendando o manexo en mosaico nos plans de ordenamento territorial.

7. Sobre a deficiente avaliación dos impactos do proxecto sobre a paisaxe e o patrimonio cultural

O trazado da alternativa elexida polo promotor non evita a afección a elementos catalogados do patrimonio cultural ou á súa contorna de protección. Apesar da existencia dun estudo arqueolóxico, a promotora afirma que non existe una afección directa sobre o Patrimonio cultural nin paisaxístico. Tal e como se amosa no seguinte plano, o proxecto afectaría gravemente ao patrimonio cultural e paisaxístico da zona, polo tanto, consideramos que avaliación destes impactos non foi correcta debido ás fallas que en diante apuntamos.

En canto ás afeccións sobre **elementos do patrimonio cultural e arqueolóxico**, constan atinxidos os seguintes bens, e que se sitúan a continuación neste plano:



O impacto sobre algúns destes elementos é severo nos casos das mámoas de Monte Barazón 4 e 7, polas que a entubaxe discorrerá xusto ao seu carón.

É fundamental subliñar tamén que a proximidade ao Camiño de Santiago (Camiño Francés) fai que o proxecto impacte directamente sobre este singular elemento (BIC e Patrimonio Inmaterial da UNESCO) nunha zona cun importante número de recursos turísticos asociados ao Camiño. Esa proximidade ten xerado unha relevante infraestrutura turística, cuxa continuidade pode poñerse en risco e afectar gravemente á economía local. A este respecto, o EIA non se pode por menos que considerarse incompleto, xa que o Camiño de Santiago pasa a dous kilómetros da ubicación prevista para a fatoria e as súas infraestruturas asociadas.

Polo referido á **paisaxe**, tal e como recollen a día de hoxe as normativas aplicables na materia, esta é un elemento esencial no benestar e calidade de vida das persoas, formando parte do noso patrimonio natural e cultural. A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, que ordena aos poderes públicos velaren no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio a que “*se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe*” (artigo 5.1), entendida dita protección da paisaxe como “*todas aquelas accións que teñan como fin a preservación e conservación dos elementos máis significativos e característicos dunha paisaxe, xustificadas polo seu valor patrimonial como resultante da súa configuración natural ou da intervención*”

humana sobre o medio” (artigo 6.1). Debe lembrarse que o Estado español, por outra banda, ratificou o Convenio Europeo da Paisaxe, establecido en Florencia o 20 de outubro de 2000 (ratificación publicada no BOE nº 31, de 5 de febreiro de 2008). A este respecto, ademais da actualización da normativa patrimonial, cultural e turística, e por estar dita paisaxe vencellada tamén ao Camiño de Santiago, debería efectuarse unha avaliación máis exhaustiva que a contemplada no estudo da promotora.

As instalacións desta fatoría serán visibles polas persoas que transcorran polo Camiño Francés, e afectan claramente á paisaxe (existen varias as áreas de interese paisaxístico -AEIP- na contorna, algunhas delas moi preto da área de afección, como son a AEIP Castelo de Pambre e a AEIP Mourazos e Monte San Xurxo, que se amosan no plano anterior) e á perspectiva que se percibe desde aquel, provocando un impacto directo. Mais tamén habería que salientar as afeccións indirectas provocadas pola fatoría, asociadas ao cambio nos usos do solo (eucaliptización), perdéndose a harmonía da paisaxe do Camiño de Santiago e as características que conforman e aportan entidade ó territorio.

En virtude da citada Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, que contén un réxime específico de protección dos Camiños de Santiago, as obras e actividades no ámbito delimitado dos Camiños de Santiago deberían ser compatibles coa conservación e coa protección dos seus valores propios, e en xeral manter as características principais do territorio que conforman. Xa que logo, debería darse preferenza na contorna dos bens e zonas de amortecemento aos usos e actividades tradicionais, así como a aquelas que sexan máis respectuosas coa súa conservación (artigo 77, apartados 2 e 3), desbotando aquelas que supoñan un perigo de destrución ou deterioración, ou vaian a realizarse de forma incompatible cos seus valores culturais, como é o caso da instalación desta fatoría.

Atendendo ás consideracións antes expostas, **SOLICITA:**

-Que por parte deste organismo se DENEGUE a concesión para unha captación de augas do encoro de Portodemouros que atinxe aos nos concellos de Agolada, Santiso e Palas de Rei (expediente DH.A36.88645), solicitada por ALTRI para o “Proxecto Gama” e se archive o expediente.

En _____, a _____ de 2024

Asinado: _____

Servizo Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Centro

AUGAS DE GALICIA